



INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS, POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN E SE SINALAN DIVERSOS ASPECTOS RELACIONADOS CO CONCURSO XERAL DE TRASLADOS DE ÁMBITO AUTONÓMICO CONVOCADO POLA ORDE DO 15 DE OUTUBRO DE 2018, NOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO, ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL, MESTRES DE TALLER DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO, MESTRES, INSPECTORES AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA E INSPECTORES DE EDUCACIÓN.

Coa finalidade de clarificar o máximo posible o procedemento de participación no concurso e os criterios que se van a utilizar na baremación, dítanse as seguintes instrucións:

SOLICITUDES

As persoas participantes no concurso xeral de traslados do curso académico 2018-2019 que non obtiveron destino no mesmo poderán acceder á solicitude anterior. Esta solicitude poderá ter modificacións derivadas de:

- Retiráronse as prazas das escolas unitarias suprimidas.
- Transformáronse as peticións do CPI de Soutomaior, (Pontevedra) nas especialidades 597-031 a 597-038 en peticións ao CEIP de Soutomaior.
- Transformáronse as peticións do CPI de Soutomaior, (Pontevedra), nas especialidades 597-021 a 597-028, 597-060 e 597-067, en peticións ao IES de Soutomaior.
- Transformáronse as petición do CPI de Soutomaior (Pontevedra), nas especialidades do corpo 590 en peticións ao IES de Soutomaior

Nas novas solicitudes a aplicación informática non permitirá:

- Solicitar códigos erróneos de centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cubrir incorrectamente o apartado de vernáculo nos centros da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cando se solicite unha praza bilingüe advertirá que se desexamos solicitar tamén o mesmo



centro sen bilingüismo debemos repetir o código do centro sen cumprimentar a casilla referida ao bilingüismo.

PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DOS MÉRITOS ALEGADOS

Deberá terse moi en conta que os méritos deberán xustificarse correctamente no prazo de solicitudes. A base vixésima primeira da convocatoria do concurso establece que *“Non serán tidos en conta aqueles méritos alegados que non fosen debidamente xustificadas no prazo de solicitudes establecido na base vixésimo segunda”*.

VACANTES

Ofértanse neste concurso:

- As previstas no momento da convocatoria
- As que se produzan por xubilación forzosa por cumprimento dos 70 anos de idade ata o 31 de agosto de 2019.
- As que se produzan ata o 31 de decembro de 2018.
- As que resulten da resolución do concurso en cada corpo polo que se concursa
- As que resulten da resolución do concursos de traslados de orientación educativa

A convocatoria destas prazas vacantes está condicionada a que o seu funcionamento estea previsto na planificación xeral educativa.

VACANTES ITINERANTES

- Nas vacantes dos centros de educación infantil e primaria, primaria, educación especial, centros públicos integrados e institutos de ensino secundario incluíranse as vacantes itinerantes que procedan das especialidades de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe. Asemade se considerarán itinerantes as prazas correspondentes aos colexios rurais agrupados das especialidades 032, 033, 034, 035, 036 e 037 do corpo 0597.
- As prazas itinerantes das especialidades de pedagogía terapéutica e de audición e linguaxe poden verse nos anexos da Orde do 16 de xullo de 2018, (DOG núm. 144 do 30 de xullo), pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes



desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial.

VACANTES CORRESPONDENTES AO CORPO DE CATEDRÁTICOS E PROFESORES DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS.

Neste concurso incluíranse tamén as vacantes existentes nas extensións das escolas oficiais de idiomas.

VACANTES CORRESPONDENTES AO CORPO DE PROFESORES DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS.

Con carácter excepcional, nos conservatorios profesionais de música incluíranse as vacantes que procedan do corpo de profesores de música e artes escénicas resultantes, se é o caso, da adjudicación de destinos ao persoal do corpo de catedráticos de música e artes escénicas.

ESPECIALIDADE DE “PRIMARIA”

De conformidade co establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, todo o persoal docente do corpo de mestres que fose persoal funcionario de carreira o 31 de outubro de 2010 está habilitado na especialidade de “primaria”.

De conformidade co apartado quinto da Orde do 10 de xaneiro de 2012 pola que se establece o procedemento de recoñecemento de especialidades do persoal funcionario de carreira do corpo de mestres, a especialidade de educación primaria será recoñecida de oficio pola Administración educativa ao persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que estea en posesión dunha das titulacións que para esta especialidade se determinan no anexo do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro.

O persoal participante forzoso que teña recoñecida esta especialidade debe participar pola mesma para prazas da nosa comunidade autónoma.

FORMA DE EXERCER O DEREITO PREFERENTE A CENTRO

Para exercer o dereito preferente a centro, a persoa interesada deberá poñer na terceira folla da solicitude o código do centro no que exerce o dereito preferente. Na mesma folla, marcará cunha X o suposto polo que exerce o dereito preferente a centro e consignará, tamén na mesma folla, en tipo de praza a especialidade ou especialidades das que é titular, ou para as que está habilitado,



priorizando estas coas combinacións posibles de vernáculo (V), bilingüismo (B) e itinerancia (I). Para estes efectos, poderá repetir a mesma especialidade todas as veces que sexan necesarias, ata as 40 combinacións que, como máximo, poden efectuarse.

A aplicación informática que resolve o concurso de traslados combinará o centro de dereito preferente coas prioridades explicitadas en tipo de praza, polo que o persoal concursante que exerza o dereito preferente a centro non deberá incluír este centro na páxina 7 da instancia, na que se fan as solicitudes.

A aplicación informática non permitirá incluír o centro de dereito preferente nas peticións.

FORMA DE EXERCER O DEREITO PREFERENTE A LOCALIDADE

O persoal docente do corpo de mestres exercerá este dereito preferente con carácter forzoso á localidade na que estaba situado o seu centro de destino, no suposto de que exista outro ou outros centros na localidade; de non ser así, participará á localidade na que teña recoñecido o dereito preferente como consecuencia da escolarización do alumnado. *Pode participar con carácter voluntario a unha ou máis localidades da zona do seu ámbito, podendo, neste suposto, priorizar no punto de peticións estas localidades sobre as que lle acredita o dereito.*

O restante profesorado poderá exercer o dereito preferente á localidade onde tivo o último destino definitivo.

Para exercer o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa, a persoa interesada deberá formalizar na cuarta folla da instancia o código da localidade e, e é o caso, da zona na que exerce o dereito preferente. Na mesma folla, marcará cunha X o suposto polo que exerce este dereito e consignará, tamén na mesma folla, en tipo de praza a especialidade ou especialidades das que é titular ou para as que está habilitado, priorizando estas coas combinacións posibles de vernáculo (V), bilingüismo (B) e itinerancia (I). Para estes efectos poderá repetir a mesma especialidade todas as veces que sexan necesarias, ata as 40 combinacións que, como máximo, poden efectuarse.

O persoal docente que exerza este dereito preferente deberá, na páxina 7 da instancia, nos recadros de centro ou localidade, especificar por orde de prioridade os códigos dos centros ou localidades nos que exercen este dereito, especificando no recadro correspondente referido a tipo de praza, as siglas *DPL*, que significan dereito preferente a localidade. Nestes casos, en tipo de praza non se porá o código da especialidade.



Se exerce o dereito preferente a localidade, a aplicación informática obrigará a que, polo menos, na primeira petición se consigne DPL e non o código da especialidade.

Todas as peticións correspondentes á localidade ou zona na que se exerce o dereito preferente virán consignadas por bloques homoxéneos, de tal xeito que todas as peticións de centros dunha mesma localidade deben vir correlativas, sen que se poida repetir dúas veces un bloque correspondente a unha mesma localidade.

A aplicación informática que resolve o concurso incluírá como DPL os centros non solicitados que pertencen á localidade na que é preceptivo solicitar o dereito preferente e os das localidades nas que se solicitase algún centro e, se é o caso, as especialidades non consignadas. Se hai algunha localidade da zona na que o interesado ou interesada non solicitou ningún centro, a aplicación informática non incluírá os centros desta.

Unha vez realizadas peticións de carácter voluntario, non poderán solicitarse posteriormente centros nos que se pretenda exercer o dereito preferente. A aparición da primeira petición con código de especialidade distinto de "DPL" provocará que se consideren fóra do dereito preferente esta e todas as peticións restantes.

A aplicación informática que resolve o concurso de traslados combinará as táboas das páxinas 4 e 7 da instancia, dando prioridade á localidade sobre a especialidade, pero á especialidade sobre o centro.



**Exemplo:****a) Táboa de especialidades + vernáculos + bilingües + itinerantes**

TIPO DE PRAZA 1				TIPO DE PRAZA 2		
Cod. Espec.	vernáculo	BIL	ITIN	Cod. Espec.	vernáculo	BIL
590001	A	0	0	590002	B	2

b) Táboa de peticións a centro ou localidade.

Petición do participante	Comentarios
C1	DPL Centro pertencente á localidade 2
C2	DPL Centro pertencente á localidade 2
L1	DPL

Estas dúas táboas darán lugar ao seguinte conxunto de peticións voluntarias:

C1	590001 A 0 0
C2	590001 A 0 0
C1	590002 B 2 0
C2	590002 B 2 0
L1	590001 A 0 0
L1	590002 B 2 0



PERSOAL FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS

O persoal funcionario en prácticas está obrigado a participar no concurso e farao con cero puntos.

Sen prexuízo do anterior, poderán participar voluntariamente e tamén con cero puntos, con independencia de que estean nomeados ou non como persoal funcionario en prácticas exento de avaliación:

- O persoal funcionario que superou o procedemento de acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas convocado pola orde do 20 de marzo de 2018 e está pendente de nomeamento como persoal funcionario de carreira.

- O persoal funcionario que superou o procedemento selectivo convocado pola orde do 14 de marzo de 2018 polo sistemas de acceso a un corpo de mesmo subgrupo e nivel de complemento de destino ou de acceso do subgrupo A2 ao subgrupo A1, e está pendente de nomeamento como persoal funcionario de carreira.

PARTICIPACIÓN VOLUNTARIA DE PROFESORADO CON DESTINO PROVISIONAL NO CURSO ACADÉMICO 2018-2019.

A base décimo cuarta da Orde de convocatoria regula a modalidade de participación forzosa. Nesta convocatoria procede subliñar que non estará obrigado a participar neste concurso o persoal funcionario con destino provisional do corpo de profesores de ensino secundario, da especialidade de inglés, que participe no mesmo polo corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, por ter superado o procedemento selectivo convocado pola orde do 14 de marzo de 2018 polo sistema de acceso a un corpo do mesmo subgrupo e nivel de complemento de destino.

DEREITO DE CONCORRENCIA

O dereito de concorrencia soamente pode exercerse polo persoal participante como voluntario con destino definitivo.

A concorrencia poderá ser exercida por docentes do mesmo corpo coas seguintes excepcións:

. 511 + 590

. 512 + 592

. 513 + 595



FORMA DE PARTICIPACIÓN

A instancia farase a través da internet, empregando o portal educativo da Consellería de, Educación, Universidade e Formación Profesional, no enderezo: www.edu.xunta.es/cxt

Para alegar novos méritos que non estean na aplicación de persoal farase no enderezo web www.edu.xunta.es/datospersoais. A través deste enderezo poderá xerar unha folla de alegacións introducidas que deberá presentar xunto coa documentación xustificativa e a instancia que se xera no enderezo anteriormente citado, é dicir, www.edu.xunta.es/cxt.

Deberá terse en conta que neste concurso computase os servizos prestados como persoal interino docente como se fosen prestados como persoal funcionario de carreira nos apartados 1.1.1, 1.1.3, 1.2.1, 1.2.2, 1.2.3, 4.1, 4.2 e 4.3 do anexo XVI e no apartado 1.3.2 do anexo XVII da Orde de convocatoria.

Tamén é posible que teñamos méritos xa validados na aplicación informática de datos persoais pero que non nos son baremados. Se discrepamos desta baremación, debemos facelo constar na instancia, na folla correspondente, relacionando todos aqueles méritos que non nos son baremados e entendemos que deben selo, ou que non son baremados por unha epígrafe e cremos que deben selo por outro.

Se se descoñece a nota que se obtivo na oposición ou no concurso-oposición deixarase en branco.

Neste concurso os méritos de carácter subxectivo recollidos nos puntos 6.1.e 6.3 do baremo deberán remitirse por separado á comisión avaliadora sita na Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa de Besada, San Lázaro, 107, código postal 15703.

O persoal que participou no concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010(DOG do 16), ou polas convocatorias seguintes, concorrerá coa puntuación que nestes apartados, 6.1 e 6.3 lle foi outorgada pola comisión de avaliación, podendo presentar para a súa consideración novos méritos sempre que estean perfeccionados con posterioridade ao remate do prazo de solicitude da última convocatoria en que participou.

Sen prexuízo do anterior, con carácter excepcional, o persoal interesado poderá renunciar á puntuación total dun dos números relacionados, e debe, neste caso, volver alegar os méritos do devandito número ou números e presentar todos os documentos xustificativos deles. **Resáltase**



que o persoal docente que non se acolla a baremación dos apartados 6.1 e 6.3 partirá de puntuación cero nos mesmos, debendo presentar novamente toda a documentación xustificativa dos méritos alegados para unha nova baremación.

POSIBILIDADE DE ACOLLERSE A NON TER PUNTUACIÓN

O persoal participante forzoso que nunca obtivo o seu primeiro destino definitivo poderá acollerse a non ter puntuación no concurso, e marcar esta opción na folla de baremación que aparece na instancia de solicitude. Neste caso, participará no concurso unicamente coa puntuación que corresponda polo punto 1.1.2 e 1.2.1 do baremo que se publica como anexo XVI da orde de convocatoria.

PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude iniciase o próximo 6 de novembro de 2018 e remata o 27 de novembro de 2018, ambos incluídos.

PETICIÓNS A CENTRO OU A LOCALIDADE

As peticións poderán facerse a centro concreto ou a localidade, sendo compatibles ambas as dúas modalidades.

Nas peticións formuladas á localidade non están incluídos os centros rurais agrupados. Para o suposto de que se desexe a adxudicación nos colexios rurais agrupados deberán solicitarse preceptivamente por código de centro.

NÚMERO DE PETICIÓNS MÁXIMAS QUE PODEN REALIZARSE

O número de peticións que cada participante pode incluír na súa solicitude *non poderá exceder* de **300**.

PRAZAS QUE NON SE ADXUDICAN DE OFICIO

Neste concurso de traslados non se adxudicarán de oficio as prazas itinerantes nin as bilingües.

DATA PREVISIBLE DA RESOLUCIÓN PROVISIONAL DO CONCURSO

A resolución provisional dos concursos será aproximadamente sobre o día 20 de marzo de 2019 para o corpo de mestres e o 12 de marzo de 2019 para os restantes corpos.



RECLAMACIÓNS E RENUNCIAS

Poderanse presentar reclamacións e renuncias no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (www.edu.xunta.gal/)

CRITERIOS DE BAREMACIÓN

Deberá ter en conta que os criterios de baremación que se van a expoñer non vinculan o persoal concursante. Se vostede non está conforme cos criterios de baremación, deberá facelo constar na súa solicitude e posteriormente reclamar na resolución provisional, coa finalidade de que lle quede aberta a vía de recurso administrativo e/ou contencioso-administrativo.

Apartado 1.1.1.- Por cada ano de permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro desde o que concursa.

- a) Neste apartado puntúase a permanencia ininterrompida con destino definitivo no centro. Isto implica que o cambio de praza dentro do propio centro non interrompe a permanencia.
- b) Unicamente se puntuarán os servizos prestados no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante. Isto implica que un mestre que estivera destinado no primeiro e segundo curso da ESO, que accedese ao corpo de profesores de ensino secundario e quedase destinado no mesmo centro como PES, non se lle puntuarán como permanencia ininterrompida os anos que estivese no centro como mestre.
- c) A excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares e a situación de servizos especiais non interrompe a permanencia. Polo tanto, o tempo transcorrido nestas situacións é computable como permanencia no centro desde o que se concursa.
- d) Non teñen puntuación nesta epígrafe o persoal docente que concurse desde outras situacións administrativas distintas das do punto anterior (en particular excedencia voluntaria por interese particular ou excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público).
- e) A puntuación por este apartado procederá ata o día de remate do prazo de solicitudes, este incluído, é dicir, ata o 27 de novembro de 2018.
- f) A aquelas persoas que participen desde a situación de destino provisional por supresión da praza ou posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, por perder o seu destino





en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, ou os que participen como desprazados por falta de horario puntuaráselles a permanencia ininterrompida desde o centro definitivo inmediatamente anterior ao que perderon, e computaráselles como servizos prestados neste os anos que estiveron con destino provisional en calquera centro despois da perda do destino definitivo.

Se o centro inmediatamente anterior tamén se obtivese despois dunha supresión, desprazamento por falta de horario ou por perda do destino polas causas mencionadas concursarase, para os efectos deste punto, desde o centro inmediatamente anterior e volveranse a acumular, se fose o caso, o servizos prestados con carácter provisional.

Resulta prudente que de forma especial, o persoal docente que concurse e se encontre neste suposto f) verifique que a aplicación informática lle está baremando correctamente.

g) Aquelas persoas que participen desde o primeiro destino definitivo obtido despois da supresión ou dos restantes supostos mencionados de perda de destino participarán, para os efectos de puntuación nesta epígrafe desde o centro de destino definitivo inmediatamente anterior.

Apartado 1.1.2.- Por cada ano como persoal funcionario en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación.

a) As situacións de excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares e servizos especiais non interrompen o tempo de provisional. Polo tanto, as persoas sen destino definitivo que concursen desde esas situacións terán puntuación nesta epígrafe.

b) O tempo na situación de destino provisional computarase desde o día da toma de posesión como persoal funcionario de carreira ou desde o reingreso ao servizo activo, se é o caso, ata o día do remate do prazo de solicitudes, este incluído. Neste apartado non se puntúan os servizos prestados como persoal funcionario interino.

c) Aquelas persoas que participen desde a situación de destino provisional por supresión da praza ou posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, non terán puntuación por esta epígrafe posto que os servizos prestados como provisional despois da perda do destino puntuaranse no apartado 1.1.1. como se foran servizos prestados con carácter definitivo.





d) Aquelas persoas que participen desde a situación de destino provisional por supresión da praza ou posto que viñan desempeñando con carácter definitivo, e este fora o primeiro destino definitivo, terán por esta epígrafe a puntuación que lles corresponda polo tempo de servizos prestados con carácter provisional con anterioridade á obtención do primeiro destino definitivo.

e) Aquelas persoas que participen con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso levarán neste apartado a puntuación que lles corresponda polos servizos prestados como provisional como persoal funcionario antes de obter o destino definitivo. Esta puntuación será compatible coa puntuación do apartado 1.1.1.

f) Non levarán puntuación por esta epígrafe aquelas persoas que participen con carácter voluntario desde o seu segundo destino definitivo aínda no suposto de que no seu momento resultaran suprimidas do seu primeiro destino definitivo.

Apartado 1.1.3.- Por cada ano como persoal funcionario na praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade.

a) Procederá asignar puntuación polo epígrafe 1.1.3 aos participantes que se encontren nas seguintes situacións:

- Os que participen no concurso con destino definitivo en praza, posto ou centro de especial dificultade.

- Os que participen no concurso conforme ao epígrafe 1.1.2 e durante o tempo de provisionalidade estiveran nunha praza, posto ou centro de especial dificultade.

b) Unicamente se puntuarán os servizos prestados no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante.

c) Cando se prestan os servizos con carácter definitivo, non se puntúan os anos que se estivese en situación de servizos especiais, en comisión de servizos fóra do centro, en licenza por estudos, ou supostos análogos que impliquen que non se prestou servizos no centro, pero non interrompe a posibilidade de computar servizos anteriores. Por exemplo: a unha persoa que teña destino definitivo no ano 2007, que estea en comisión de servizos noutro centro no ano 2008, e que se reincorpore no 2009, non se lle computaría o ano 2008 pero si o ano 2007 e o ano 2009 e seguintes.





d) Cando se teña destino definitivo nun centro que non ten o carácter de especial dificultade e se está en comisión de servizos noutro centro que si é de especial dificultade, levarase por esta epígrafe a puntuación que corresponda polos anos de servizo ininterrompidos que se leven prestando no centro de especial dificultade

e) É posible acumular períodos de provisional con períodos de definitivo, se se obtivo destino definitivo no mesmo centro no que se tiña destino provisional, sen solución de continuidade.

f) Puntúase ata a data de remate do prazo de solicitudes.

g) Teñen puntuación por esta epígrafe, coas condicións establecidas, os servizos prestados nos centros que figuran nos anexos da orde do 18 de outubro de 2010 (DOG do 28- corrección de erros no DOG do 19 de novembro de 2010), pola que se establecen os centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia, actualizado pola Orde do 6 de novembro de 2017.

h) De conformidade coa disposición transitoria da citada Orde do 18 de outubro de 2010 puntuaríanse como de difícil desempeño os servizos prestados nos centros relacionados na Orde do 24 de outubro de 1990 (agora derogada), ata o 31 de agosto de 2010 (non ata a data de remate de solicitudes), sempre que se concurse desde un deses centros e non estea incluído nos anexos da nova Orde do 2010.

i) Os centros incorporados ao anexo pola Orde do 6 de novembro de 2017 baremaranse desde o curso académico no que reuniron o requisito para incorporarse ao citado anexo.

Apartado 1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados na situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo ou corpos aos que corresponda a vacante.

a) Nesta epígrafe puntúanse os servizos como persoal funcionario de carreira e interino no corpo polo que se concursa.

b) Este epígrafe puntúase en calquera modalidade de participación. Polo tanto, incluso participando desde a situación de excedencia voluntaria.

c) O tempo transcorrido en situación de excedencia por coidado de fillos, fillas e familiares e servizos especiais computa por esta epígrafe.





d) Compútase o tempo como persoal funcionario de carreira ata a data de remate do prazo de solicitudes, este incluído.

Apartado 2.- PERTENZA AOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS

Puntúanse 5,0000 puntos por ser persoal funcionario de carreira do corpo de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de música e artes escénicas, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño.

- a) Non é necesario estar en situación de servizo activo. Polo tanto todos os catedráticos terán esta puntuación aínda que participen desde a excedencia ou participen por outro corpo. Por exemplo: tería esta puntuación unha persoa que participara no concurso polo corpo de mestres e fose catedrático en situación de excedencia ou en servizo activo.
- b) Soamente se ten unha puntuación de 5,0000 aínda que se sexa catedrático en máis dun corpo ou no mesmo corpo e se teña máis dunha especialidade.
- c) Resulta irrelevante o tempo de servizos prestados como catedrático para estes efectos. Tense a mesma puntuación. Precisamente unha das novidades da nova normativa do concurso é que non se puntúa a antigüidade como persoal funcionario no corpo de catedráticos.

Apartado 3.1.2.- POLO TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL DE MASTER DISTINTO DO RQUIRIDO PARA O INGRESO Á FUNCIÓN PÚBLICA DOCENTE, PARA CUXA OBTENCIÓN SE ESIXIRÁN, POLO MENOS, 60 CRÉDITOS.

- a) Téñense en conta soamente os másteres oficiais (só os hai a partir do ano 2005)
- b) Non se baremará por este apartado ningún título de máster esixido para ingreso á función pública docente, aínda que a persoa non o necesitare ou no corpo non se esixa; como por exemplo, para acceder ao corpo de mestres.
- c) Así mesmo, para os efectos do subpunto 3.1.2, cando se alegue o Título de Doutor non se valorará o título de Máster oficial que constituía un requisito de acceso ao doutoramento.
- d) Non se teñen en conta nesta epígrafe do baremo os máster non oficiais, que se puntuarán no apartado de formación.
- e) Igual que no punto 3.1.1, soamente se barema un máster. En consecuencia, nesta





epígrafe non se poden superar os 3,0000 puntos.

f) Puntúanse tamén os títulos obtidos no estranxeiro. Neste caso deberán ter a correspondente homologación.

Apartado 3.1.3.- POLO RECOÑECIMENTO DE SUFICIENCIA INVESTIGADORA QUE PERMITA OBTER O CERTIFICADO-DIPLOMA ACREDITATIVO DE ESTUDOS AVANZADOS.

a) Este mérito non se baremará cando se alegue o título de doutor. É dicir, é incompatible con ter puntuación no punto 3.1.1.

b) Non é necesario ter o título acreditativo dos estudos avanzados. É suficiente coa suficiencia investigadora.

c) Polo tanto, ao que acredite suficiencia investigadora e tamén o DEA non se lle puntuará dúas veces.

Apartado 3.1.4.- POR OBTER PREMIO EXTRAORDINARIO NO DOUTORAMENTO, NA LICENCIATURA OU GRAO OU, NO CASO DAS TITULACIÓNS OUTORGADAS POLOS CONSERVATORIOS SUPERIORES DE MÚSICA, POLA MENCIÓN HONORÍFICA NO GRAO SUPERIOR.

a) Soamente se puntúa un premio extraordinario ou unha mención honorífica.

b) Non se puntúan os premios extraordinarios de diplomaturas nin de Enxeñerías Técnicas.

c) Tampouco se bareman os premios extraordinarios nas titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música.

Apartado 3.2.1.- TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL DE GRAO.

No título oficial de grao non hai primeiro e segundo ciclo. A puntuación neste apartado, cando proceda, será de 5,0000 puntos ou múltiplos de 5.





Apartado 3.2.2.- POLA SEGUNDA E RESTANTES DIPLOMATURAS, ENXEÑERÍAS TÉCNICAS, ARQUITECTURAS TÉCNICAS OU TÍTULOS DECLARADOS LEGALMENTE EQUIVALENTES E POLOS ESTUDOS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO CICLO DUNHA LICENCIATURA, ARQUITECTURA OU ENXEÑERÍA.

- a) No caso do persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por este punto, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente.
- b) No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este punto, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fosen necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.
- c) Non se entenderá como unha titulación do primeiro ciclo a superación dalgún dos cursos de adaptación.
- d) Pode puntuarse máis dunha segunda diplomatura ou dun primeiro ciclo
- e) Enténdese por primeiro ciclo os tres primeiros anos dunha carreira.
- f) Para que se puntúe un primeiro ciclo é necesario que se teñan superado todas as materias ou créditos conducentes para a obtención de ditos títulos ou ciclos. Puntuarase aínda no suposto de que haxa algunha materia validada.
- g) Non se considera unha nova diplomatura a obtención dunha nova especialidade dentro do mesmo título. Se hai expedición de título baremarase unha segunda diplomatura.
- h) Puntúanse tamén os títulos obtidos no estranxeiro. Neste caso deberán ter a correspondente homologación.

Apartado 3.2.3.- TITULACIÓNS DE SEGUNDO CICLO.

Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñerías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes.

- a) No caso do persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este punto, en ningún caso, os estudos desta natureza que sexan necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, o, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.





- b) Pode puntuarse máis dun segundo ciclo.
- c) Puntúanse tamén os títulos obtidos no estranxeiro. Neste caso, deberán ter a correspondente homologación.
- d) Non se considera unha nova titulación e, polo tanto, un segundo ciclo, a obtención dunha nova especialidade dentro do mesmo título. Se houberse expedición de título, baremarase o segundo ciclo.

Apartado 3.3.- TITULACIÓNS DE ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL E DA FORMACIÓN PROFESIONAL.

As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as de formación profesional, en caso de non ser alegadas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:

- Por cada título profesional de música ou danza: 1,5000 puntos
- Por cada certificación de nivel C2 do Consello de Europa: 4 puntos
- Por cada certificación de nivel C1 do Consello de Europa: 3 puntos.
- Por cada certificación de nivel B2 do Consello de Europa: 2 puntos.
- Por cada certificación de nivel B1 do Consello de Europa: 1 puntos
- Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño ou de formación profesional ou equivalente: 2,0000 puntos
- Por cada título de técnico superior deportivo: 2,0000 puntos.

a) O certificado de aptitude e o ciclo superior son equivalentes ao nivel avanzado nas escolas oficiais de idiomas. Todos eles son equivalentes ao B2

b) O certificado do ciclo elemental e o ciclo inicial son equivalentes á certificación do nivel intermedio nas escolas oficiais de idiomas. Todos eles son equivalentes ao B1.





- c) Soamente se puntuarán as certificacións expedidas polas Escolas Oficiais de Idiomas.
- d) O título de técnico especialista é equivalente ao título de técnico superior tanto na formación profesional como nas ensinanzas de artes plásticas e deseño.
- e) O título de técnico superior deportivo ten que ser un título correspondente ás ensinanzas deportivas recollidas no Capítulo VII da LOE.
- f) Para valorar a titulación de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, Técnico Deportivo superior ou Técnico Superior de Formación Profesional ou equivalente, deberá presentarse certificación académica na que conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes á obtención de ditos títulos.

Apartado 4.1.- POR CADA ANO COMO DIRECTOR/A DE CENTROS PÚBLICOS DOCENTES, EN CENTROS DE PROFESORES E RECURSOS OU INSTITUCIÓN ANÁLOGAS ESTABLECIDAS POLAS ADMINISTRACIÓN EDUCATIVAS NAS SÚAS CONVOCATORIAS ESPECÍFICAS, ASÍ COMO DIRECTOR/A DE AGRUPACIÓN DE LINGUA E CULTURA ESPAÑOLAS.

- a) Valoráranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal interino, sempre que se teña o nomeamento correspondente.
- b) Cando se desempeñe simultaneamente máis dun cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.2, ou 4.3, 6.4 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixírase o que outorgue máis puntuación ao participante.
- c) Os cargos non están relacionados co corpo ao que corresponda a vacante. Polo tanto, a modo de exemplo, unha dirección dun centro de educación infantil e primaria sería puntuable a unha persoa funcionaria que concurse polo corpo de profesores de ensino secundario.
- d) Non se puntuará ser responsable de centros de menos de tres unidades.
- e) Como para todos os puntos do baremo, puntuáanse os méritos ata o día que remata o prazo de solicitudes, este incluído.





Apartado 4.2.- POR CADA ANO COMO VICEDIRECTOR/A, SUBDIRECTOR/A, XEFE DE ESTUDOS, SECRETARIO/A E ASIMILADOS EN CENTROS PÚBLICOS DOCENTES.

- a) Valoraranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal funcionario interino, sempre que se teña o nomeamento correspondente.
- b) Cando se desempeñe simultaneamente máis de un cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.1 ou 4.3, 6.4 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixírase o que lle outorgue máis puntuación ao participante.
- c) Os cargos non están relacionados co corpo ao que corresponda a vacante. Polo tanto, a modo de exemplo, unha xefatura de estudos dun centro de educación infantil e primaria puntuaríase a unha persoa funcionaria que concurse polo corpo de profesores de ensino secundario.
- d) Son puntuables:
- A vicedirección
 - A subdirección
 - A xefatura de estudos
 - A xefatura de estudos de nocturno
 - A xefatura de estudos de adultos
 - A xefatura de estudos de primaria
 - A xefatura de estudos de secundaria
 - A xefatura de estudos de extensión
 - A xefatura de estudos de sección de formación profesional
 - A xefatura de estudos de extensión de EOI
 - A xefatura de estudos adxunta
 - Delegado ou delegada da xefatura de estudos de instituto de bacharelato ou



similares en Comunidades Autónomas.

- Director/a-xefe/a de estudos de sección delegada
- Dirección de Sección Filial
- Dirección de centro oficial de Patronato de Ensinanza Media.
- Secretario ou secretaria
- Secretario ou secretaria adxunto
- Xefatura de Residencia
- Administrador ou administradora en centros de formación profesional.
- Profesora ou profesor delegado no caso da Sección de Formación Profesional.
- A vicesecretaría

e) Non é necesario estar desempeñando un cargo actualmente para ter puntuación por este apartado.

f) Coma por todos os puntos do baremo puntúanse os méritos ata o día que remata o prazo de solicitudes, este incluído.

g) Valoraranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal funcionario interino.

Apartado 4.3.- Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, coordinador/a de centro plurilingüe, coordinador/a de sección bilingüe, coordinador/a de auxiliares de conversa, responsable/coordinador/a do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinador/a das dinamizacións das TIC, responsable/coordinador/a de biblioteca, responsable/coordinador/a da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador/a dos equipos de normalización e dinamización lingüística, coordinador/a do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador/a de formación en centros de traballo, coordinador/a do bacharelato internacional, coordinador/a de emprendemento, coordinador/a de programas



internacionais, coordinador/a de innovación e formación do profesorado, coordinador/a de biblioteca de centro integrado, coordinador/a de residencia, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función titorial exercido a partir da entrada en vigor da LOE:

Valoraranse os cargos desempeñados como persoal funcionario de carreira e como persoal funcionario interino.

Cando se desempeñe simultaneamente máis de un cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.1 ou 4.2, 6.4 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixirase o que lle outorgue máis puntuación ao participante.

Os cargos non están relacionados co corpo ao que corresponda a vacante. Polo tanto, a modo de exemplo, unha coordinación de ciclo de primaria sería puntuable ao persoal funcionario que concurse polo corpo de profesores de ensino secundario.

Teñen puntuación por este apartado:

- Os coordinadores ou coordinadoras de ciclo
- Os coordinadores ou coordinadoras do proxecto Abalar
- Os coordinadores ou coordinadoras de centro plurilingüe
- Os coordinadores ou coordinadoras de sección bilingüe
- Os coordinadores ou coordinadoras de auxiliares de conversa
- O persoal responsable/coordinador/a do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- O persoal responsable das dinamizacións das TC.
- O persoal responsable das bibliotecas.
- O persoal responsable da convivencia escolar.





- O persoal responsable da mellora da calidade educativa.
- O persoal responsable de programas internacionais.
- Os coordinadores ou coordinadoras dos equipos de normalización e dinamización lingüística (DA segunda do Decreto 124/2007).
- Os coordinadores ou coordinadoras dos equipos de dinamización da lingua galega (DA cuarta do Decreto 79/2010, do 20 de maio).
- Titores ou titoras de grupos de alumnos, a partir do 23 de maio de 2006.
- Titor ou titora de ciclo formativo, a partir do 23 de maio de 2006
- Titor ou titora de FCT a partir do 23 de maio de 2006.
- Xefatura de departamento de normalización lingüística.
- Xefatura do departamento de orientación
- Xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares
- Xefatura de departamento didáctico (de materia)
- Os coordinadores ou coordinadoras de formación en centros de traballo
- Xefaturas de departamento específicas da Escola de Arte Dramático
- Os coordinadores ou coordinadoras de cada especialidade de Estudos superiores de deseño
- Os coordinadores ou coordinadoras específicos dos Centros Integrados de Formación Profesional
- Xefatura de departamento de cada idioma nas EOI
- Xefatura de departamento de instrumento nos Conservatorios
- Os coordinadores ou coordinadoras de áreas en bacharelato.





- Os asesores ou asesoras dos centros de formación e recursos
- Os asesores ou asesoras da Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional.
- Os asesores ou asesoras SIEGA
- As direccións dos equipos psicopedagóxicos de apoio
- As direccións dos equipos de orientación específica

Apartado 5.1.- ACTIVIDADES DE FORMACIÓN SUPERADAS

√ A normativa anterior ao Real Decreto 1364/2010, do 29 de outubro, facía referencia a cursos superados. Agora pasase ao termo máis amplo de “actividades de formación”.

√ As actividades non teñen que estar relacionadas coa especialidade pola que se concursa senón con calquera das especialidades do corpo ao que pertenza o funcionario ou funcionaria.

√ Puntúanse as actividades de formación que estiveran organizadas por:

- A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.
- O Ministerio de Educación e Formación Profesional ou as consellerías de Educación das restantes comunidades autónomas.
- Institucións sen ánimo de lucro sempre que as actividades estean homologadas ou recoñecidas por administracións educativas.
- As universidades (sen necesidade de que estean homologadas ou recoñecidas se se realizaron con anterioridade ao 23 de maio de 2013, data da entrada en vigor da Orde do 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado de Galicia)

As universidades, nas actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, sempre que a actividade sexa recoñecida.





a) Son actividades de formación:

- os cursos
- seminarios permanentes
- grupos de traballo
- proxectos de formación
- congresos
- xornadas
- mesas redondas
- Piale
- Talleres
- Encontros
- Obradoiros

b) Non son puntuables por este apartado as actividades equiparables ás de formación permanente, como son:

- Proxectos de investigación.
- Actividades de innovación educativa
- Participación en programas europeos: Sócrates, Leonardo da Vinci, Interreg, visitas Cedefop, etc.
- Titulacións universitarias
- Titorías en prácticas

c) En ningún caso se recoñecen como formación permanente do profesorado os cursos conducentes á obtención dunha titulación académica.





- d) As actividades de formación poderán ser presenciais ou en rede ou mixtas.
- e) A Orde de convocatoria do concurso non distingue entre universidades públicas e privadas, polo que se computarán as actividades das dúas, realizadas con anterioridade ao 23 de maio de 2013. As posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento.
- f) A persoa coordinadora dun proxecto de formación no propio centro, dun grupo de traballo ou dun seminario permanente é un asistente ao curso, e puntuarase por esta epígrafe.
- g) O titor ou titora dunha actividade de formación a distancia é unha persoa que imparte o curso. Non puntúa nesta epígrafe.
- h) Os coordinadores ou coordinadoras dunha actividade son asistentes dende o 12 de abril de 2007 e a Orde do 14 de maio de 2013. Os coordinadores ou coordinadoras anteriores á dita data non son asistentes, sen prexuízo de que teñan outra certificación. Asemade, os coordinadores ou coordinadoras dos cursos non son relatores. Para iso terían que traer outro certificado e entre as horas de relator/a e de coordinador/a non se pode superar o tempo de duración da actividade. Esta certificación pode ser única.
- i) Non se puntuarán actividades de formación que non estean rematadas na data de finalización do prazo de solicitudes. En consecuencia, non se puntúan actividades de formación en curso, aínda que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes estea a piques de rematar. A data que se toma como referencia é a de certificación da realización da actividade.
- j) Puntuaranse os cursos de especialización para a obtención dunha especialidade no corpo de mestres.
- k) Puntúanse os títulos propios das universidades anteriores ao 23 de maio de 2013. Os posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento do servizo de formación.
- l) Puntúanse os máster non oficiais das universidades e os cursos de posgrao. Os posteriores deberán ter o correspondente recoñecemento do servizo de formación.
- m) Puntúanse 0,1000 puntos por cada 10 horas de formación. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades non puntuándose o resto de número de horas inferior a 10.





- n) Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.
- o) En caso de discrepancia entre créditos e horas da actividade de formación darase valor ás horas, e, cando sexa o caso, ás horas recoñecidas.
- p) Puntuaranse os cursos convocados pola Dirección Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Política Lingüística (acordo Consello da Xunta de Galicia do 27 de xullo de 2006) ata o 23 de maio de 2013.
- q) Puntúanse os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego ou as súas validacións. Non se baremarán simultaneamente os cursos de iniciación e perfeccionamento e as súas validacións.
- r) Os Celgas non teñen baremación.

Apartado 5.2.- POLA IMPARTICIÓN DAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO INDICADAS NA SUBEPÍGRAFE 5.1.

- a) Puntúanse as actividades da subepígrafe anterior, a 5.1., só que agora teñen que ser horas de relator/a.
- b) Enténdese como relator/a o titor/a dos cursos en rede.
- c) Cando as actividades veñan expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.
- d) En caso de discrepancia entre os créditos e as horas, daráselles valor ás horas.
- e) Puntúanse 0,100 puntos por cada 3 horas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, e non se puntuarán o resto de número de horas inferior a 3.

Apartado 5.3.- POR CADA ESPECIALIDADE DA QUE SEXA TITULAR CORRESPONDENTE AO CORPO POLO QUE SE CONCURSA E DISTINTA Á DE INGRESO NESTE, ADQUIRIDA A TRAVÉS DO PROCEDEMENTO DE ADQUISICIÓN DE NOVAS ESPECIALIDADES PREVISTOS NOS REAIS DECRETOS 850/1993, DO 4 DE XUÑO, 334/2004, DO 27 DE FEBREIRO E 276/2007, DO 23 DE FEBREIRO.

- a) Só se puntúa ser titular dunha especialidade distinta da de ingreso se se obtivo por un





dos procedementos de adquisición de nova especialidade que se citan.

b) Ten que ser unha especialidade correspondente ao corpo polo que se concursa. Por exemplo, a unha persoa que concursa polo corpo de mestres non se lle puntuaría unha especialidade que obtivera no corpo de profesores de ensino secundario.

c) Para estes efectos teranse en conta a relación de corpos de catedráticos que para os efectos de participación o fan polo corpo de profesores correspondente.

d) Non se puntúan, en consecuencia, as especialidades obtidas mediante procedementos de habilitación ou por outros procedementos de adquisición de especialidade (titulación ou experiencia)

e) Non se puntúan, en consecuencia, as especialidades obtidas mediante desdobramentos (Real Decreto 1635/1995)

Apartado 6.1 e 6.3.- Publicacións, premios ou participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación e méritos artísticos e literarios.

En relación coa puntuación dos apartados 6.1 e 6.3 non se baremarán publicacións que constitúan programacións didácticas, temarios de oposicións, traballos de asignaturas de carreira, mestrado ou doutourado, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola comisión baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

Os criterios de valoración dos apartados 6.1, 6.2 e 6.3 publícanse como anexo XVIII da Orde de convocatoria.

Apartado 6.4.- POR CADA ANO DE SERVIZO DESEMPEÑANDO POSTOS NA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA DE NIVEL DE COMPLEMENTO DE DESTINO IGUAL OU SUPERIOR AO ASIGNADO AO CORPO POLO QUE SE CONCURSA.

a) Non se puntúan estes servizos, se fosen prestados con anterioridade ao acceso á condición de persoal funcionario docente.

b) Non se puntúa o desempeño destes postos en consellerías que non sexan a de Educación, Universidade e Formación Profesional, ministerio ou consellerías de Educación





doutras comunidades autónomas.

c) Non se puntúan neste punto as asesorías.

d) Cando se desempeñe simultaneamente máis dun cargo deste punto, ou cun dos relacionados no 4.1 ou 4.2, 4.3 ou 6.6 só se puntuará un deles e elixirase o que outorgue máis puntuación ao participante.

e) Neste apartado puntúase o posto de Asesor/a técnico docente no estranxeiro.

Apartado 6.5.- POR CADA CONVOCATORIA NA QUE SE ACTUASE EFECTIVAMENTE COMO MEMBRO DOS TRIBUNAIS DOS PROCEDIMENTOS SELECTIVOS DE INGRESO OU ACCESO AOS CORPOS DOCENTES AOS QUE SE REFIRE A LOE.

Por este subpunto unicamente se valorará o formar parte dos tribunais a partir da entrada en vigor do Real Decreto 276/2007, do 23 de febreiro (BOE 2 de marzo)

a) Non é suficiente con saír como membro do tribunal no sorteo. É preciso constituír tribunal e actuar.

b) A participación na comisión de selección non implica unha nova actuación noutro tribunal para os efectos de baremo.

c) A presidencia do tribunal está incluída na baremación como un membro máis.

d) Aínda que é difícil, é posible nun mesmo ano actuar en dous tribunais. A puntuación é por cada convocatoria e non por ano, polo que podería pasar que un mesmo ano se resolvesen ou se realizasen dúas convocatorias.

e) Non se puntúa formar parte de tribunais de acceso ou ingreso en corpos que non sexan os contemplados na LOE, aínda que sexan docentes. Por exemplo, non se puntúa formar parte dos tribunais para seleccionar ao profesorado dependente da Consellería do Mar.

f) Puntúanse tamén as convocatorias de acceso. Polo tanto, teñen puntuación os membros dos tribunais que participaron no acceso aos corpos de catedráticos.

g) A puntuación é a partir do ano 2007.

h) A puntuación é de 0,500 puntos por cada convocatoria na que se actuase como membro



dos tribunais.

Apartado 6.6.- POR CADA CURSO DE TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS DO TÍTULO UNIVERSITARIO OFICIAL DE MASTER OU, SE É O CASO, DA FORMACIÓN EQUIVALENTE REGULADA POLA ORDE EDU/2645/2011, DO 23 DE SETEMBRO, PARA ACREDITAR A FORMACIÓN PEDAGÓXICA E DIDÁCTICA ESIXIDA PARA EXERCER A DOCENCIA EN DETERMINADAS ENSEÑANZAS DO SISTEMA EDUCATIVO, ASÍ COMO POLA TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS PARA A OBTENCIÓN DOS TÍTULOS UNIVERSITARIOS DE GRAO QUE O REQUIRAN

- a) Ten que ser unha titorización das prácticas do título oficial do máster para acreditar a formación pedagóxica e didáctica.
- b) Polo tanto, non se puntúa a titorización da formación anterior ao establecemento deste máster. Por exemplo, do alumnado do Curso de Aptitude Pedagóxica (CAP), ou do título profesional de especialización didáctica, ou do certificado de cualificación pedagóxica ou dos estudos de profesor de educación xeral básica ou de mestre.
- c) Cando se desempeñe simultaneamente máis dun cargo deste punto, ou xunto con un dos relacionados no 4.1., 4.2, 4.3 ou 6.4 só se puntuará un deles e elixirase o que outorgue máis puntuación ao participante.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2018

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez

(Asinado electronicamente)

